



GONZALEZ SANMAMED, Mercedes (Dir) (2007). *O EEES: Perspectiva do Profesorado das Universidades Galegas. Santiago de Compostela: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).*

GONZALEZ SANMAMED, Mercedes (Dir.) (2007). *O EEES: Perspectiva do Alumnado das Universidades Galegas. Santiago de Compostela: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).*

Estes dous libros supoñen para as Universidades Galegas un feito editorial importante pola súa calidade, pola descrición precisa, ampla e crara que se fai dos estudos universitarios centrados nas opinións dos dous elementos básicos: o profesorado e o alumnado. Tamén, porque é a primeira aproximación elaborada de modo sistemático ao cambio que se está operando nas universidades de Galicia de cara a súa integración e converxencia no espazo europeo de educación superior (EEES). Dende o ano 1999 estanse a levar adiante aínda tímidos cambios de cara a esta converxencia que comezara en Boloña e que, en Berlin no ano 2003 dábaselle o pulo necesario para que a meirande parte dos países da vella Europa se sumasen decididamente a este cambio.

Persoalmente eu non tiña un exceso de optimismo para que estes cambios chegaran a bó porto, máis ben era ao contrario. Efectivamente, hai uns poucos anos atrás houbo bastantes dúbidas da continuidade da refoma hacia o EEES, no senso de que se existía ou non unha decidida política europea por este cambio. Tocoume asistir a varias reunións do Consello de Universidades nos últimos meses do ano 2003 (naqueles anos o

nome era o de Consello de Coordinación Universitaria) e decateime como os reitores das demais universidades do Estado e moitos dos Conselleiros de Educación de Comunidades Autónomas non estaban precisamente animados en exceso pola converxencia europea en materia de política universitaria na dirección das reformas que conlevaba o espazo europeo da educación superior.

Pero, a partir de Berlin de 2003 en que se ratifican os acordos por parte dos países da Comunidade Europea e aos que se suman outros novos países como consecuencia da ampliación, entón parece que hai outro optimismo e outra cara tanto nos responsábeis máximos das universidades como nos axentes do cambio que soen ser sempre basicamente o profesorado e alumnado. Semella que se encaran e afrontanse con mais firmeza estes cambios que nos agardan ata o ano 2010.

Polo tanto, a converxencia europea de educación superior suxire e orienta ás universidades hacia o deseño de estratexias de adaptación e hacia unha profunda reforma que este proxecto europeo implica. Os procesos de avaliación e acreditación de títulos que están en marcha nas Universidades Galegas con

esta finalidade deben fundamentarse na construción de diversos indicadores que posibiliten descubrir as fortalezas e as debilidades das ensinanzas universitarias na actualidade. Podemos achegarnos as devanditas fortalezas e ás debilidades analizando diferentes procesos que ocorren nas universidades, pero quizáis tamén a través do estudo dos factores que están implicados no labor docente que desenvolve o profesorado en interacción co labor de aprendizaxe que desenvolve o alumnado.

Pois ben, penso que estes dous libros que estou a analizar reúnen estas primeiras características con un alto valor didáctico, informativo e científico. Paréceme moi ben o capítulo 1 do libro adicado ao profesorado e ao mesmo capítulo 1 do libro adicado ao alumnado. En ambolos dous trátase de situar aos lectores no próprio contexto dos temas a tratar: que o espazo europeo de educación superior é xá unha nova cultura na universidade porque supón unha serie de *cambios estruturais*, xa que cambian os títulos de grao e posgrao —mestrado e doutoramento—, incorpórase o suplemento europeo ao título que permite a mobilidade dos/as estudantes e a transparencia e compatibilidade dos seus estudos, inclúese a adopción de sistemas de créditos ECTS o que supón *novas formas de afrontar os procesos de ensino/aprendizaxe e os procesos de acreditación e avaliación da calidade* que permitirá que as diferentes axencias de acreditación e avaliación desenvolvan un labor moi meritorio nesta liña, de acordo con un modelo sistémico no estado e nos demais países europeos.

Tamén supón *cambios na pedagogía e didáctica universitária* xa que establécense as competencias xerais e específicas e que os profesores e profesoras debemos ter en conta na nosa práctica docente e instrucional diaria. As devanditas competencias fan referencia ao desenvolvemento do alumnado na súa formación como cidadáns, pero tamén como futuros profesionais que deberán desenvolver o seu traballo de acordo co que se lle

pide socialmente en relación coas áreas de coñecemento dos ámbitos científicos axustados aos diferentes perfis profesionais. Por outra banda, a metodoloxía na instrución docente e as formas de aprendizaxe van cambiar sustancialmente porque, mais que nunca, o profesorado será quen facilite básicamente as ferramentas necesarias para que o alumnado *aprenda a aprender e asimile os contidos necesarios no seu proceso formativo como persoa, como cidadán, e como futuro e competente profesional*. De ahí que as novas tecnoloxías e as TIC, preferentemente, terán un protagonismo esencial neste cambio ao que xa estamos dirixidos e abocados na actualidade.

O capítulo primeiro do libro adicado ao alumnado é un grande acerto, igual que ocurría no libro adicado ao profesorado que acabamos de comentar. Aquí faise fincapé especialmente póla autora da investigación, a profesora Mercedes González Sanmamed, compañeira na Universidade da Coruña, no feito de que, está convencida e persoalmente tamén estou, de que o espazo europeo da educación superior vai supor unha mellora do nino universiario. Varias son as razóns para este convencemento: vai ser un ensino centrado no estudante, porque vaise valorar e centrar a carga de traballo no propio alumnado, porque vaise por énfase nas *competencias xenéricas instrumentais* (capacidade de organizar, de planificar; coñecementos da profesión, capacidade de expresión oral e escrita, habilidades básicas de manexo do ordenador, de procura e xestión da información...), pero tamén se porá énfase nas *competencias xenéricas de carácter sistémico* (aplicar os coñecementos á práctica, capacidade de aprender, de adaptarse a novas situacións, de iniciativa, de capacidade emprendedora, de motivación polo logro e pola calidade...), e, finalmente, vaise por énfase tamén nas *competencias de carácter interpersoal* como a capacidade de crítica, traballo en equipo, habilidades de interacción, apreciación da diversidade e da multiculturalidade...

En fin, agardan ao profesorado e ao alumnado novos roles docentes e discentes que significan, como moi ben sinala a autora, Dra. Mercedes González, unha planificación nova das materias, especialmente atendendo á perspectiva do alumnado e as competencias que vai desenvolver, dar maior protagonismo ao alumnado para que participe e se responsabilice do seu proceso de aprendizaxe, dar maior protagonismo á metodoloxía da aprendizaxe/enseñanza combinando o traballo de grupo con tarefas individuais, traballos dirixidos con autonomía, e fomentando o uso de materiais e recursos didácticos diversos e, finalmente, a utilización de diferentes técnicas de avaliación que permitan constatar as aprendizaxes realizadas e a adquisición das competencias previstas.

A partir destes capítulos iniciais, amboos dous libros seguen un esquema semellante: o compromiso institucional da Axencia e das Universidades ata este momento en relación cos cambios esperados no EEES, no tocante ao alumnado e profesorado. Sinálanse os pasos que se foron dando e que son todo o que se pode agardar por un igual nas tres universidades galegas e na ACSG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia).

Nos estudos empríricos débense destacar tres aspectos que a min me parecen salientábeis especialmente: por unha banda, os Cuestionarios empregados responden á realidade do momento do cambio, tanto o dirixido ao profesorado como o do alumnado. No do profesorado débense destacar os puntos clave que se lle preguntan, especialmente no relacionado coa planificación, coa metodoloxía, coa avaliación, titoría e converxencia europea.

En segundo lugar, é importante no Cuestionario do alumnado a análise feita sobre

os aspectos clave como son: o seu grao de información e interese en participar en actividades formativas na EEES; a importancia que o alumnado lle concede as competencias necesarias para o desempeño da profesión e o seu grao de axuda que agardan ter nos novos recursos informáticos, audiovisuais e de Internet na súas tarefas de estudo e aprendizaxe.

Finalmente, quero salientar a facilidade que supón a lectura destas dúas obras debido a súa precisión e claridade de todos os diferentes gráficos que se presentan e que describen cada unha das variábeis que se consideran par a súa análise e valoración nesta obra. Debo felicitar, tamén, neste labor o moi bó quefacer estatístico, empírico e científico do profesor Xabier de Salvador, benquerido colega da Universidade da Coruña, de igual modo que a todo o equipo de realización desta obra, baixo a dirección da profesora Mercedes González Sanmamed.

En fin, estamos ante unha obra necesaria para o momento que toca de desenvolvemento da universidade española en xeral, e da galega, en particular. Estamos ante unha obra precisa e rigurosa que refrexa a realidade do *statu quo* da universidade en Galicia, nas portas da converxencia europea no que toca aos estudos superiores, a partir, basicamente, dos datos aportados polos protagonistas científicos e académicos da mesma como son o profesorado e o alumnado.

Alfonso Barca Lozano.

Universidad de A Coruña.

Junio, 2007.